Combinación de modos de transporte: puntos operativos estratéxicos e puntos de intercambio. Tipoloxía de empresas e servizos.

Transporte multimodal: Sistemas e combinacións. Operador de transporte multimodal. Marco normativo. Convenio de Xenebra.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	International Commerce Terms	15

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os elementos que garanten a integridade e o tránsito das mercadorías, identificando as situacións de risco habituais.	NO

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Seleccionáronse os medios de protección física, as embalaxes e/ou as coberturas exteriores adecuadas á mercadoría, así como o medio de transporte e as posibles manipulacións nos centros de carga.

4.12.e) Contidos

Contidos
Normativa sobre a consolidación e a compatibilidade de produtos.

4.13.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
13	A protección física das mercadorías	12

4.13.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os elementos que garanten a integridade e o tránsito das mercadorías, identificando as situacións de risco habituais.	SI

4.13.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase a lexislación específica segundo o tipo de produto, a mercadoría perigosa e perecedoira, animais vivos ou de gran volume.
CA1.2 Selecionáronse os medios de protección física, as embalaxes e/ou as coberturas exteriores adecuadas á mercadoría, así como o medio de transporte e as posibles manipulacións nos centros de carga.
CA1.3 Descríbironse as condicións de sinalización, rotulaxe e etiquetaxe necesarias.
CA1.4 Fíxáronse as necesidades específicas para a estiba e a colocación de mercadorías segundo a súa natureza e a cadea de transporte utilizada.
CA1.5 Valorouse a importancia de dar instrucións concretas e delimitado as competencias dos axentes externos que interveñen nas operacións de transporte.

4.13.e) Contidos

Contidos
Integridade física de mercadorías. Unidades de transporte e embalaxes.
Riscos da fase do transporte.
Protección física de mercadorías e tipos de embalaxe: homologación e normalización das embalaxes.
Contedores: dimensións, materiais, resistencia, identificación e clasificación.
Tipos de contedores: aéreos e marítimos.
Palés aéreos e marítimos.
Normativa sobre a consolidación e a compatibilidade de produtos.
Manipulación e estiba/desestiba de mercadorías.
Marcas. Códigos de barras.

4.14.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
14	O seguro de transporte de mercadorías	10

4.14.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Tramita o seguro das mercadorías durante o transporte, axustándose á normativa e ás condicións establecidas no contrato de compravenda internacional.	SI

4.14.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as características básicas dun contrato de seguro no transporte internacional de mercadorías e os elementos que o constitúen.
CA2.2 Identifícanse os riscos máis habituais nunha operación de compravenda internacional de mercadorías e as necesidades de cobertura, para garantir a chegada das mercadorías ao seu destino nas debidas condicións.
CA2.3 Determináronse os sistemas de protección xurídica das mercadorías e os tipos de pólizas de seguro máis utilizadas no comercio internacional, segundo a modalidade de transporte utilizado.
CA2.4 Utilizáronse as cláusulas que habitualmente se inclúen nas pólizas de seguro.
CA2.5 Establecéronse os procedementos de contratación do seguro nas operacións de comercio internacional.
CA2.6 Selecionouse a póliza de seguro máis adecuada para cada operación de comercio internacional segundo as características das mercadorías e os modos de transporte utilizados na expedición.
CA2.7 Estableceuse o procedemento que cumpra seguir en caso de sinistro ou incidencias xurdidas nas operacións de comercio internacional cubertas cunha póliza de seguro.
CA2.8 Obtívose información sobre as principais compañías de seguros que operan no mercado, tramitando os riscos a través das ferramentas informáticas das súas páxinas web.

4.14.e) Contidos

Contidos
Protección xurídica das mercadorías. Seguro no transporte internacional de mercadorías: marco legal.
Contrato de seguro: características esenciais e elementos; dereitos e obrigas das partes.
Tipos de pólizas de seguro segundo a modalidade de transporte. Seguro no transporte marítimo: perda total física e/ou presunta; avaría grosa e/ou simple; principio de universalidade do risco; cláusulas IC; normativa. Seguro no transporte terrestre, no aéreo
Identificación de riscos asegurables e necesidades de cobertura.
Selección da póliza máis adecuada en función das condicións do contrato de compravenda e os incoterms.
Procedemento de xestión e contratación da póliza: documentación.
Actuación en caso de incidencia ou sinistro: procedemento de declaración e valoración-liquidación de danos asegurados.
Utilización das ferramentas informáticas para a xestión de seguros.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Terase en conta o establecido na Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, de xeito que para este módulo a cualificación será numérica, entre un e dez, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos, deste xeito o nivel competencial segundo a valoración obtida a través dos instrumentos e procedementos plantexados para tal fin será o seguinte:

Moi Competente: de 9 a 10 (Sobresáinte)

Competente: de 7 a < 9 (Notable)

Aceptable: de 5 a < 7 (Aprobado)

Non competente: < 5 (Suspenso)

O alumno, en cada proba, práctica ou traballo realizado, obterá un valor numérico sen decimais. Unha vez recompiladas todas as notas dos diferentes instrumentos realizados ao longo do proceso formativo, a ponderación para obter a cualificación competencial anterior realizarase do seguinte xeito:

AVALIACIÓN:

A avaliación, que será continua e formativa, como se indicou anteriormente, servirse de catro pilares fundamentais: Os tests pre-diagnósticos, a observación do docente sobre o traballo no aula del alumno, a elaboración de tarefas asignadas o alumno, e a realización de probas obxectivas o remate de cada Unidade Didáctica e de cada trimestre.

Para obter unha cualificación positiva no módulo deberá superarse cada unidade didáctica, que se valorará de 0 a 10 tendo en conta o peso de cada criterio de avaliación. Haberá que superar todos os mínimos exigibles e obter como mínimo un 5 en cada unidade. A cualificación final do módulo será o resultado da suma da cualificación das unidades didácticas una vez ponderadas polo peso que cada unha de elas ten no conxunto do módulo (ver peso en apartado correspondente).

O alumno, en cada proba, práctica ou traballo realizado, obterá un valor numérico sen decimais. Una vez recompiladas todas as notas dos diferentes instrumentos realizados ó longo do proceso formativo, a ponderación será a que se indica a continuación:

Proba Escrita: 60%*

Taboas de Observación (Lista de Cotexo; Escala de Avaliación): 30%*

Outros (Taboa de Indicadores): 10%*

*Media global

Así pois, atendendo ao exposto, o alumno, finalmente atopará un valor numérico sen decimais. Polo tanto, a cualificación final que se outorgara ao estudante representará de xeito criterial (basease nos criterios establecidos) e sumativa o nivel de competencia adquirido.

Para superar o módulo que nos ocupa é necesario superar de xeito independente as tres unidades formativas das que se compoñe, nas que se agrupan un conxunto de elementos curriculares que teñen sentido entre si e que teñen unha finalidade terminal, isto quere dicir que para cada unha obterase unha cualificación final e, se esta é maior que 5 superárase a unidade formativa así cualificada, polo cal outorgárase a súa acreditación, aínda que non se haxa superado o módulo formativo (neste caso por ter na outra unidade formativa unha cualificación inferior a 5). A avaliación continua require a asistencia regular do alumnado ás clases e ás actividades programadas, de tal xeito que é un requisito para poder avaliarse, deste xeito o alumnado perderá o dereito a esta avaliación continua cando acumule un 10% ou máis de faltas de asistencia non xustificadas no módulo, neste caso serían 19 sesións, pois este cómputo é sobre o total de sesións (cada unha de 60 minutos), así pois, se sucede esta casuística non se lle poderá contar para a súa avaliación a puntuación do traballo permanente polo que se realizará unha proba final extraordinaria.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aqueles alumnos que non cumpran en termos globais os mínimos esixibles establecidos en cada unidade didáctica nos cadros previamente expostos segundo os criterios de avaliación reflectidos no Decreto autonómico ao respecto, e en función do criterio do profesor ao respecto, segundo a súa avaliación. . . , terá dereito a unha acreditación obxectiva da recuperación ao comezo do trimestre seguinte cando non supere satisfactoriamente o trimestre inmediatamente anterior, a excepción do terceiro trimestre, que, do mesmo xeito que se indica anteriormente, terá unha proba obxectiva de recuperación ao rematar o curso. De non superarse dalgún dos trimestres dun xeito ou doutro, realizarase unha proba final obxectiva na que se recollerán todos os contidos vistos no curso académico que haberá que superar para superar o módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Todos aqueles alumnos que, por falta de asistencia a clase (máis do 10% do total das horas lectivas), indisciplina, ou outros que non permitan o seguimento e o progreso académico, serán avaliados da seguinte forma:

Aqueles trimestres nos que si teñan dereito á avaliación continua, e que resulten superados segundo a avaliación daranse como aprobados.

Aqueles para os que non se cumpra o requisito de avaliación continua deberán ser superados por unha proba obxectiva ao comezo do trimestre seguinte (agás no terceiro, que obviamente se realizará ao final do curso). De non superarse dalgún dos trimestres dun xeito ou doutro, realizarase unha proba final obxectiva na que se recollerán todos os contidos vistos no curso académico que haberá que superar para superar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para conseguir resultados satisfactorios con esta programación, faise fundamental realizar unha avaliación constante e continua desta. Ao longo do curso escolar poderase realizar cambios debido a posibles incidencias, como incorporacións de alumnado ou cambios no previsto a traballar nas diferentes unidades didácticas debido a imprevistos nos que resulte imprescindible modificar, suprimir ou realizar novas actividades.

É necesario avaliar ademais do alumnado ao propio docente, e consecuentemente o funcionamento da súa propia programación. Para elo, débese reflexionar cómo avaliar se o que se está facendo estase facendo do mellor xeito posible, e isto ten a súa complexidade, xa que na aula soamente estarán o profesor e o propio alumnado. Así pois, ou ben sistematizamos a avaliación, cuantificando os resultados e eliminando a subxectividade propia dunha autoavaliación cualitativa e o fai un mesmo, ou ben o terá que facer o alumnado, deste xeito para o módulo de Transporte Internacional de mercadorías dentro do ciclo formativo de Técnico Superior de Transporte e Loxística, esta avaliación referida á labor do profesor, levarase a cabo de xeito mixto. Para o primeiro, avaliarase a práctica educativa a través dunha reflexión propia, estará plantexado de xeito moi sistemático, así elaborase unha táboa onde verán establecidos os ítems de avaliación sobre o que se pretende avaliar da propia práctica e unha escala de logro, que se cumprimentará ao rematar cada unidade didáctica, para, deste xeito, comparar cómo evoluciona o propio traballo e cuantificar os resultados. Para o segundo, a avaliación por parte dos alumnos, realizarase unha enquisa escrita e anónima, como por exemplo un formulario a través da plataforma Doodle , onde as preguntas serán no seu primeiro plantexamento pechadas, non terán como suxeito ao profesor e referiranse ás actividades, recursos, avaliación, metodoloxías, etc. intentando así obter respostas o menos sesgadas posible, e encamiñadas a avaliar a práctica docente, que é en definitiva o que se quere valorar.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Da avaliación inicial do curso valoraranse aqueles alumnos/as que poidan ter dificultades (alumnos/as que superaron o BAC con dificultade, ciclos medios) e aqueles outros que poidan ter vantaxe (alumnos/as de ciclos afíns ou mesmo alumnos/as de Universidade).

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades.

Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor que se encargue da titoría, dará a información dispoñible sobre as características xerais de grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa de cantos alumnos e alumnas o compoñen.

Para este fin, o alumnado deberá realizar unha proba escrita (para demostrar os coñecementos que ten co devandito módulo), e entregar ao profesor unha ficha cos datos persoais, especialmente indicando a formación previa (Bacharelato, outro ciclo formativo, Universidade).

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos, independentemente de que, existan uns patróns cognitivos, afectivos e conductuais con certas semellanzas. Cando falamos de atención á diversidade falamos do conxunto de accións educativas que serven para personalizar o proceso de aprendizaxe atendendo a diferentes factores persoais ou sociais.

Atenderase ao establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

A aula para a que se programa é heteroxénea, estando esta diversidade determinada por diferentes factores propios aos alumnos como son: as diferentes idades do alumnado, ao ser unha etapa que non se cursa a unha idade concreta, atopamos na aula diferentes idades cronolóxicas (entre 18 e 30 anos) e polo tanto, con diferente nivel de madurez; as diferentes experiencias laborais, con algúns alumnos que xa traballaron; as diferentes etapas de procedencia (Licenciada en Filoloxía Inglesa, título de técnico o título de Bacharelato), o que implica que o seu nivel de coñecemento inicial sexa tamén diferente; os diferentes ritmos de aprendizaxe dentro do grupo, estas diferenciacións provocarán que o alumnado aprenda a diferentes ritmos, e que alumnos para aprender os mesmos contidos necesiten máis tempo ou máis repeticións que outros; os distintos intereses ou motivacións xa que para algúns dos alumnos da aula este ciclo formativo non era a súa primeira opción; e o diferente nivel sociocultural, ao provir de diferentes contextos sociais ou países, neste caso conto cun alumno extranxeiro que procede de Uganda.

Para atender as circunstancias anteriormente expostas, e ante as necesidades que poidan surxir, realizaranse as adaptacións necesarias en colaboración co Departamento de Orientación. Estas adaptacións ao tratarse de Formación Profesional serán de reforzo educativo, non significativas, podendo afectar á utilización dos recursos, metodoloxía (agrupamentos flexibles e desdobres) ou ao xeito de plantexar a clase, pero non se poderán modificar nin os contidos, nin os resultados de aprendizaxe, ni os criterios de avaliación, xa que os referentes a alcanzar deben de ser os mesmos, en definitiva, isto quere dicir que o alumno aprenderá o mesmo, pero doutro xeito.

A L.O.M.C.E. dinos que, dentro desta diversidade, poderán darse casos de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, é dicir, dentro da heteroxeneidade propia que antes mencionouse pode haber alumnos que necesiten apoios educativos adicionais. Este curso, nesta aula cabe destacar un caso que necesitará levar a cabo diferentes medidas de apoio: trátase dun alumno estranxeiro, o cal ten dificultades coa fala, escritura e lectura do castelán, así como un baixo nivel de coñecementos previos pola distinta realidade sociocultural da que proven, pero con moi boa capacidade de aprendizaxe, de xeito que adaptaremos os materiais e os exames ao idioma inglés, ademais de realizar titorías de reforzo, para reforzar a difícil comprensión de tecnicismos dado á barreira idiomática.

En caso de que para algún dos alumnos, unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica pertinente, tras considerar que as adaptaciónes ordinarias non fosen suficientes, levarase a cabo a única medida extraordinaria autorizada na Formación Profesional segundo o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da Formación Profesional do sistema educativo de Galicia, para axeitarnos aos alumnos con necesidades educativas de apoio específico, que consistirá en realizar unha flexibilización modular, de xeito que se dividirán os módulos para cursar o ciclo en máis anos, neste caso en tres, para o que se pedirá a autorización correspondente.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O apartado 9 do Anexo XIII da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, invita a promoción de valores axeitados para os futuros profesionais dependendo do ciclo formativo cursado, por medio da promoción de certas actitudes, o fomento de conductas e a potenciación das formas de actuar que para a programación do curso deste Ciclo Formativo enuméranse:

- Autonomía no desenvolvemento das actividades e iniciativa na toma de decisións.
- Perseverancia para a consecución de obxectivos e tolerancia á frustración.
- Coidado da saúde e do propio benestar do traballador.
- Respeto polo medioambiente, a través da reciclaxe e o consumo responsable de elementos funxibles, electricidade e auga.
- Tolerancia e civismo, dentro do entorno laboral próximo e cos provedores, clientes e prestadores de servizos, tendo en conta as diferenzas culturais que poidan existir
- Colaboración e traballo en equipo.
- Emprendimento.
- Civismo.
- Empatía.

Toda a serie de actitudes e condutas sinaladas serán fomentadas e promovidas a través do propio traballo na aula:

- Actividades de traballo cooperativo e colaborativo.
- Participación de todos os alumnos nas exposicións de contidos e exercicios nas clases.
- Elaboración de actividades de xeito individual.
- Traballo en parellas.

En canto á empatía (se lle consultará ao alumnado as decisións e negociaranse éstas en base a acordos, amosando cercanía para axudarles a resolver calquer tipo de problema tanto académico como persoal; realizaranse debates, perfectamente organizados, cun tempo para buscar a información, e logo levar a cabo a simulación do debate cunha fase introductoria, tempo de refutacións e conclusións pero se sorteará a postura a defender soamente con 5 minutos de antelación ao comezo da simulación, fomentando así a capacidade para poñerse no lugar do outro independentemente das súas crenzas)

Aproveitaranse as visitas e conferencias de certos colectivos (ecoloxistas, inmigrantes, persoas con discapacidade, deportistas locais, Policía Nacional,...) ao noso centro para reflexionar uns minutos na clase.

Ademáis, se concienciará no uso axeitado dos medios facilitados polo Centro (os ordenadores persoais serán de uso frecuente), a reciclaxe de todo o material posible (papel, cartuchos de tinta da impresora, etc.), o consumo responsable de suministros (auga nos aseos, atención sobre o encendido e apagado dos ordenadores e luces na aula, etc.). Por último, penalizarase a aqueles discentes que amosen actitudes intolerantes ou pouco cívicas hacia os seus compañeiros, docentes ou personal do centro.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ademáis dos contidos curriculares, que son os prescritivos da programación, o futuro Técnico Superior en Transporte e Loxística ten que ter un conxunto de actitudes, comportamentos axeitados, civismo, etc. para desempeñar a súa profesión e adaptarse, incluso contribuir a mellorar o ecosistema propio da mesma, e que normalmente non virán establecidas no currículo, ao non ser contidos teóricos/prácticos propiamente ditos senón que será o profesor quen tratará de fomentalos transversalmente a través das súas formas de facer, e a través do xeito de traballar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, intentando promover de xeito inherente a éste a adquisición no alumnado destes comportamentos aos que nos

referimos e que un futuro traballador debe ter.

Polo anteriormente exposto, deberase ter en conta o ámbito no cal deberán traballar os futuros Técnicos Superiores en Transporte e Loxística. O profesor gozará de autonomía no desenvolvemento da súa labor como docente para promover estes hábitos, con certa relevancia para o alumnado deste ciclo formativo. Non se fará referencia neste apartado á programación do módulo específico de Transporte Internacional de mercadorías, por tratarse de valores transversais a todos os módulos que integran o ciclo, o cal está amparado normativamente na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. Dentro desta autonomía de procederes para fomentar actitudes necesarias, primeiro claro está, como cidadán (desenvolvemento persoal e integral do alumnado), pero tamén como traballador Técnico Superior en Transporte e Loxística, e en definitiva para ambas, faise esencial fomentar a lectura, tanto polo anteriormente exposto, sendo a lectura comprensiva e analítica base para desempeñar a maioría de tarefas que terán que resolver estes futuros traballadores, como para axudar a entender e superar con éxito os retos educativos e profesionais que terán que afrontar ao longo da súa continua formación e carreira profesional, así para elo planificaranse actividades durante o desenrolo das unidades didácticas que favorezan esta competencia lectora.

Promoverase o análise diario ou semanal de noticias de actualidade buscadas en prensa ou medios dixitais que teñan que ver cos contidos que se estén tratando, para posteriormente analizar criticamente e establecer a relación cos contidos a desenvolver; proporase que eles envíen a un mail da aula noticias escritas relacionadas co ámbito laboral para seleccionar e serán tratadas na clase; unha vez ao mes haberá dous sesións seguidas de 50 minutos de clase na biblioteca do centro para avanzar en traballos e que manexen a bibliografía escrita; farase unha visita a Biblioteca e Arquivo de Galicia, como cabeceira de referencia do sistema de arquivos da comunidade, ubicado na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela (aproitando esta visita para ver tamén o centro de emprendedores alí ubicado); e se promoverá unha lectura trimestral de libros (incrementando pouco a pouco a dificultade lectora) relacionados co ámbito que nos ocupa (se poderán ler na aula nas horas de biblioteca); esta actividade valorarase coincidindo coa última proba final escrita do trimestre, na que unha das preguntas versará sobre o mesmo.

Otro de los elementos transversales actitudinales fundamentales para el futuro titulado del ciclo para el que se realiza esta programación, será el manejo y conocimiento de las nuevas tecnologías de la información, como se apuntó en la introducción grosso modo, estamos en un momento histórico de avances tecnológicos continuos, y estos determinan a su vez, cambios constates en la estructura y la organización del trabajo, de modo que si estamos formando futuros trabajadores será vital que estos se adapten en consonancia a estos cambios, y para ello deberán de dominar estas herramientas tecnológicas, que además estarán presentes de manera inevitable en su día a día. De esta forma, las TIC serán la base sobre la que soportaremos la mayoría de actividades que desarrollaremos dentro y fuera del aula (G-Mail, G-Drive (para hacer trabajos colaborativos), foro del módulo, Doodle, ¿) y darán soporte a muchas de las metodologías propuestas (Flipped Classroom, Mapas Conceptuales, E- Portafolio). Nunha ou dúas das sesións da semana traballarase na aula de informática e propoñeranse actividades para facer busqueda de información e dominio

de páxinas web de institucións oficiais necesarias para desempeñar a futura profesión (VIES, TARIC, ICC, Ministerio de Trabajo, Barreras Comerciales, Europass, INCUAL, etc.).

Visitas a empresas e alternancias nas mesmas